

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN EDUCANDO EN FAMILIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EDUCATIVO-FAMILIAR NO ANO 2026.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991).

E doutra, Don Cándido Iravedra Fernandez, co DNI 33840540L, que actúa no nome e na representación da Asociación Educando en Familia co NIF G27437581 en calidade de presidente, reelixido en asemblea ordinaria da Xunta directiva da asociación de data 20.06.2025, en exercicio da función de representación prevista no artigo 12 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes, no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo, entre outras, as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e promover e adoptar medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

CUARTO. Que a Asociación Educando en Familia é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2012/016918- e recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E5914. A Entidade ten entre as súas funcións a orientación ás mulleres no seo familiar, a colaboración e coordinación coas distintas institucións e axentes e profesionais dos ámbitos sanitarios, sociais e educativos, avanzar na



igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas e educar na igualdade a homes e mulleres.

Esta entidade conta cun equipo de orientadoras que levan dende o ano 2014 realizando unha labor de acompañamento socioeducativo ás familias da Terra Chá e da Mariña Lucense no marco deste programa.

QUINTO. Que considerando o interese da labor que esta entidade leva a cabo e da recoñecida labor social que realiza no eido das familias, a Consellería de Política Social e Igualdade, ten previsto asinar un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención co obxecto de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa de intervención educativo-familiar para o ano 2026 que leva a cabo a asociación Educando en Familia con familias da Terra Chá e da Mariña Lucense.

As actividades concretas deste programa van dirixidas a familias con fillos/as de idades comprendidas entre 0 e 6 anos así como ás nais xestantes, dando prioridade ás mulleres inmigrantes e todas aquelas que se atopen en situación de risco ou exclusión social ofrecendo servizos de orientación individual, orientación grupal así como de mediación familiar, en colaboración e coordinación con profesionais de distintas institucións. Deste xeito, ofrecen recursos ás familias e acompañanas no seu proceso de crianza.

Aos efectos da concesión dunha subvención pública cúmprense os seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Este programa ten un carácter especializado porque vai dirixido a levar a cabo un acompañamento socioeducativo con familias da Terra Chá e da Mariña Lucense que teñen fillos entre 0 e 6 anos así como ás nais xestantes, particularmente aquelas familias do rural ou de contornas desfavorecidas que se atopan en situación de



exclusión social para o que a asociación ten establecido un sistema de redes de apoio e alianzas con outras entidades que aporta un valor engadido á intervención

A asociación Educando en Familia, dada a súa implantación na Terra Chá e na Mariña Lucense e o traballo personalizado que desenvolve coas familias así como as sinerxias creadas, é a única entidade que leva a cabo un acompañamento educativo familiar personalizado ás familias desta zona no marco dun traballo en rede.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é contribuír por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa dunha subvención pública ao financiamento dun programa da Asociación Educando en Familia, de intervención educativo-familiar dirixido ás familias da Terra Chá e da Mariña Lucense para o ano 2026.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

A asociación Educando en Familia desenvolverá as seguintes actuacións que configuran o programa a subvencionar:

- a) Orientar ás familias de forma individual a través de espazos de traballo no que se poidan abordar as problemáticas e dificultades na crianza.
- b) Ofrecer espazos educativos, de encontro e intercambio de experiencias ás familias co fin de profundar sobre a educación dos nenos e as nenas e poder así dar unha resposta axustada á educación nesta etapa evolutiva, así como actividades educativas para os nenos/as encamiñadas a desenvolver as súas capacidades e habilidades atendendo ás características do grupo, idade e nivel de maduración.



c) Actuar como mediadores na abordaxe das problemáticas que se poidan detectar a nivel familiar e no seu caso derivar ás familias a outros recursos co fin de atender necesidades concretas.

d) Colaborar e coordinar con profesionais das distintas Institucións a posta en común e planificación así como a organización do traballo a realizar coas familias para levar a cabo programas de interese xeral no ámbito da familia e da promoción da igualdade.

TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través do convenio ten previsto desenvolver a asociación Educando en Familia no ano 2026 , ascende a 123.049,42€

Para o cumprimento das actuacións do programa previstas na cláusula segunda deste convenio a consellería de Política Social e Igualdade achegará a contía de corenta mil euros (40.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 (código de proxecto 2016 00174) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na cal existe crédito adecuado e suficiente de conformidade co previsto na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade coa que se subscribe este convenio.

CUARTA. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Para poder ser entidade beneficiaria das axudas a Asociación Educando en Familia deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son entre outros, os que de seguido se relacionan:

a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento, non ter sido declarada en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a persoa física, os administradores da mesma ou aqueles que ostenten a representación legal desta nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.



h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A asociación Educando en Familia debe cumprir ademais coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderá ser comprobado pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da consellería concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais



impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES E XUSTIFICACIÓN

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do programa subvencionado a través deste convenio e se realicen dentro do prazo de xustificación indicado nesta cláusula, de acordo coa desagregación que figura a continuación no seguinte cadro:

CONCEPTO	2026
GASTOS DE PERSOAL	32.054,76€
MANTEMENTO PAXINA WEB	100,43€
GASTOS ASESORÍA LABORAL	1.041,73€
GASTOS ASESORÍA FISCAL	5.142,50 €
GASTOS CHARLAS FORMATIVAS	1.660,58€
TOTAL GASTOS	40.000€

De acordo co artigo 29.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

2. De acordo co establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os tributos son gasto subvencionables cando a entidade os abone efectivamente. En ningún caso se



consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

3. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase que o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio remate o 15 de decembro de 2026. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación sen exceder do dito ano 2026 estas terán como límite da xustificación o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Axuda da Consellería de Política Social e Igualdade	40.000€
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2026-15/12/2026
Data límite da presentación da documentación xustificativa	15/12/2026

4. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO.

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total da subvención concedida poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade beneficiaria xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez rematadas e xustificadas a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberán presentar :





a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados á realización das actividades a subvencionar na que conste:

- Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como necesarias para a realización das actividades a desenvolver dentro do programa que se subvenciona a través deste convenio indicando os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.
- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento, mediante achega de xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).
- Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, a entidade provedora, o importe, detallando o IVE, a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade beneficiaria deberá presentar ademais dos documentos aos que se refire o número 2, unha memoria de actuacións a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos así como os medios e recursos nos que se realizaron as actividades a subvencionar.



4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Igualdade poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da dita entidade, en cuxo caso deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.

c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. A entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. OBRIGAS DA PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e Inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei



1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

NOVENA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 17.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia .

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Asociación Educando en Familia, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de familia.



A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral competente en materia de familia, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións que forman parte do referido programa de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da



concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



DÉCIMO TERCEIRA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA. RÉXIME XURÍDICO

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

2. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.
3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a



resolución fose expresa no prazo dun mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, as actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a Asociación Educando en Familia dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e
Igualdade

Fabiola García Martínez

O Presidente da Asociación Educando en
Familia

Cándido Iravedra Fernández

